

CICLO PRINCI- PAL

 **TEATRO**
Rosalía Castro
PRIMAVERA
2026

CICLO PRINCIPAL

 **TEATRO**
Rosalía Castro
PRIMAVERA
2026

Venres 23 e sábado 24 de xaneiro
**LOS CUERNOS
DE DON FRIOLERA**

Venres 30 e sábado 31 de xaneiro
**MARCELA (UNA
CANCIÓN DE
CERVANTES)**

Sábado 07 de febreiro
TROMSØ

Venres 20 e sábado 21 de febreiro
NUESTROS MUERTOS

Sábado 28 de febreiro
RIAZOR OSTIA

Venres 6 e sábado 7 de marzo
**LAS PEQUEÑAS
MUDANZAS**

Venres 13 e sábado 14 de marzo
**ARTUR UI, O OVO
DA SERPE**

Venres 20 e sábado 21 de marzo
**ICTUS (A DERRADEIRA
LEICIÓN DE ANATOMÍA
DO DR. CASTELAO)**

Venres 27 e sábado 28 de marzo
ESENCIA

Venres 24 e sábado 25 de abril
**MIHURA, EL ÚLTIMO
COMEDIÓGRAFO**

Sábado 09 de maio
FILTRO

Venres 15 e sábado 16 de maio
**MOFA E BEFA: OS
DOUS DE SEMPRE**

Venres 22 e sábado 23 de maio
**SABES QUE LAS
FLORES DE PLÁSTICO
NUNCA HAN VIVIDO,
¿VERDAD?**

Venres 05 e sábado 06 de xuño
**LOS DOS HIDALGOS
DE VERONA**

LOS CUERNOS DE DON FRIOLERA



Venres 23 e sábado 24 de xaneiro

Unha produción de Estival Producciones para Teatros del Canal

LOS CUERNOS DE DON FRIOLERA

De Ramón María del Valle-Inclán, adaptación de Ainhoa Amestoy

Don Friolera, un militar preocupado pola reputación e a disciplina, empeza a sospeitar que a súa esposa, Dona Loreta, élle infiel con Pachequín, o barbeiro. Estas conxecturas xorden tras a chegada dunha nota anónima, e os posteriores rumores e insinuacións dos seus veciños e coñecidos.

A suposta infidelidade de Dona Loreta convértese nunha obsesión para Don Friolera, o cal trama unha radical vinganza para restaurar a súa dignidade: cegado polos celos, propónse asasinar á súa esposa e ao suposto amante. A confrontación culmina nunha serie de eventos tráxicos e irónicos que subliñan a hipocrísia e o absurdo código da honra, á vez que reflicten a crítica social e cultural, e o ton grotesco do esperpento.

Valle-Inclán adopta unha estrutura audaz á hora de presentar a historia, expondo tres visións desta: a través dun hilarante teatro de monicreques, mediante unha obra teatral ao uso e como un romance de cego.

Reparto:

Don Estrafulario e Don Friolera: Miguel Hermoso

Don Manolito e Pachequín: Armando del Río

Doña Loreta: Lidia Otón

Doña Tadea, Doña Calixta e La Coronela: Ester Bellver

Nelo el Peneque, Teniente Rovirosa, Ciego romancista,

Narrador e outros: Miguel Cubero

Bululú, Teniente Campero, El niño del melonar,

El Coronel, Narrador e outros: Pablo Rivero Madriñán

Curro Cadenas, Teniente Cardona, Merlín, Narrador

e outros: José Bustos

La Moña e Manolita: Iballa Rodríguez

Equipo artístico/técnico:

Dirección e adaptación: Ainhoa Amestoy

Diseño de escenografía: Tomás Muñoz

Diseño de vestuario: Rosa García Andújar

Diseño de iluminación: Ion Aníbal López (AAI)

Música orixinal e espazo sonoro: David Velasco Bartolomé

Asesoría do movemento: María del Mar Navarro

Diseño de caracterización: Chema Noci

Diseño e realización de marionetas: Gerardo e Tony

Realización de vídeo: David González (2visual)

Dirección técnica: José Miguel Hueso

Axudante de dirección: Alejandro Cavadas

Realización de escenografía: Readest

Realización de vestuario: Milagros González Angulo

Rexiduría: Carmen Romero Camps

Producción executiva e dirección de produción: Ainhoa Amestoy,

Alejandro de Juanes e Ginés Alberto Sánchez para Estival

Producciones

Duración estimada:

120 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa E

VENRES 23
FUNCIÓN ACCESIBLE

Subtitulación adaptada

Audiodescripción

Bucle magnético individual

Son amplificado con auriculares

MARCELA (UNA CANCIÓN DE CERVANTES)



Venres 30 e sábado 31 de xaneiro

Producción da Sociedad Cervantina co apoio do INAEM e da Fundación La Caixa

MARCELA (UNA CANCIÓN DE CERVANTES)

De María Folguera a partir do capítulo XIV de Don Quijote de la Mancha de Miguel de Cervantes

Un home apareceu morto: Grisóstomo. Unha muller foi acusada da súa morte: Marcela.

Os pastores sospeitan de Marcela. Non lles gusta a súa fermosura, nin o seu orgullo. Estamos en 1605 e todos cren que merece un castigo. Pero Marcela non acata a norma e fala na súa propia defensa.

Marcela é un dos personaxes máis famosos de Cervantes. Da man de tres creadoras actuais, Leticia Dolera, Celia Freijeiro e María Folguera, descubriremos os moitos fogos que iluminan este mito.

Reperto:

Celia Freijeiro

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Leticia Dolera

Diseño espazo escénico: Pablo Chaves

Diseño de iluminación: Lola Barroso

Axudante de iluminación: Elena Alejandre

Diseño de vestuario: Marta Murillo

Diseño de son: Pablo Martínez

Directora de produción: Milena Suárez

Axudante de produción: Paula Pina

Equipo S. Cervantina: Ana Carrera, Jaime Saavedra

Edición de visuais: Ana Caro

Distribución: Elena Carrascal - Impulso x Distribución

Duración estimada:

60 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa B

TROMSØ



Sábado 07 de febreiro

Coprodución de Morraoconto coa Xunta de Galicia

TROMSØ

De Rafa Martínez

Cando un ser querido nos deixa, o baleiro que queda énchenos dun silencio que, ás veces, nunca conseguimos facer desaparecer. Un silencio que se aferra ao corazón apagando para sempre parte da súa luz. *Tromsø* é unha reflexión en clave de humor dende a perda. Sobre a vida, a morte e todo o que queda entre medias. É un canto á tristura pero tamén á esperanza. Unha viaxe épica polos mares do norte, navegando tormentas, fiordos e enormes cardumes de arenque, na procura de respostas nun lugar onde as candorcas, co seu canto, desgarran o silencio salvaxe da aurora boreal.

Reperto:

Miguel Gendre, Lara Pouso, Lidia Veiga

Música en directo: Julia Ammerman (piano) e Lucía Iglesias (violonchelo)

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Rafa Martínez

Dirección coreográfica e de movemento: Esther Latorre

Axudante de dirección: Clara Martínez

Espazo escénico: Morraoconto, José Faro (Coti)

Deseño de vestuario: Morraoconto, Ana Gesto

Deseño iluminación: José Faro (Coti)

Voz en off: Lidia Veiga

Máscaras: Rafa Rey Domech

Animacións, deseño e imaxe gráfica: Rafa Martínez

Cámara, corrección de cor: Román Sanín

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais, coa colaboración dos concellos de Ames, Santiago de Compostela, Vimianzo e Arzúa, Diputación de A Coruña e CEMMA Cetáceos

Duración estimada:

80 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa B

NUESTROS MUERTOS



Venres 20 e sábado 21 de febreiro

Micomición Teatro

NUESTROS MUERTOS

De Mariano Llorente

Unha muller octoxenaria acepta ter unha entrevista co preso de ETA arrepentido que matou o seu fillo. Durante a conversación, que alterna a serenidade e mesmo o bo humor cunha tensión e unha dor ás veces difíciles de soportar, vanse debullando moitos dos temas esenciais destes anos terribles en que ETA ocasionou máis de 800 mortos, rompeu miles de familias e desangrou a todo un país. Pero tamén, durante este diálogo infestado de silencios e preguntas sen resposta, a mirada vai ir cara á represión franquista, que arrebatou a vida do pai da anciá, oitenta anos antes, e provocou unha ditadura de case corenta anos e deixou máis de cen mil desaparecidos por todo o país.

Así pois, este é un diálogo onde o coche bomba etarra convive coas pistolas dunha cuadrilla de falanxistas, para penetrarmos na terrible soidade de quen foi unha vítima de ambos.

Reparto:

María Álvarez, Carlos Jiménez-Alfaro

Clara Cabrera e Javi Díaz

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Mariano Llorente

Vestuario e escenografía: Laila Ripoll

Música: Mariano Marín

Deseño de iluminación: David Roldán

Prensa e comunicación: María Díaz

Axudante de dirección: Héctor del Saz

Producción e distribución: Joseba García

Duración estimada:

90 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa A



RIAZOR OSTIA

Sábado 28 de febreiro

Coprodución de Os Naufragos teatro e AGADIC

RIAZOR OSTIA

De Gustavo Del Río

RIAZOR OSTIA é un poema escénico sobre o odio, a intolerancia e a resistencia. Cincuenta anos despois do asasinato de Pier Paolo Pasolini, a súa voz e o seu corpo seguen a interpelarnos, amosándonos feridas aínda abertas. Da súa man, a peza afonda no auxe do fascismo, da violencia e da memoria, atravesadas polas loitas e tensións que xorden arredor de temáticas sociais como a visibilidade LGTBIQ+, a xustiza, a educación, a relixión ou a política. Un asasinato baixo o berro de maricón conecta o mar de Ostia co de Riazor, transformando o silencio en reflexión, a cólera en esperanza e a memoria en futuro.

Reperto:

Denis Gómez, Santiago Cuquejo
María Roja e Davide González

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Gustavo Del Río
Escenografía e Imaxe: Claudia L. Franco
Deseño Son: Os Naufragos Teatro
Deseño Iluminación: Gaspar Baluja
Vestuario: Diego Valeiras
Música: Os Naufragos Teatro
Coreografía: Raquel Santalla
Asistencia Dramatúrxica: Denis Gómez, Santiago Cuquejo
Ensaíos: O Galgo Azul
Coordinación: Rebeca Vecino e Anxo Fernández
Xestión e Producción: Antonio Vázquez

Duración estimada:

85 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa B



LAS PEQUEÑAS MUDANZAS

Venres 6 e sábado 7 de marzo

Coprodución da Compañía Nacional de Teatro Clásico con ElenArtesescénicas

LAS PEQUEÑAS MUDANZAS

De Vanessa Espín

Valeria é unha muller que de golpe pérdeo todo: amor, casa e traballo, entón vólve á casa da súa nai con case cincuenta anos e o medo e a vergoña de ser unha perdedora. Non consegue remontar e pensa que se está volvendo tola coma a súa tía Paca ou que vai acabar soa e coa honra rota como a súa nai. Valeria lánzase a buscar aquilo que rompeu e que quedou estancado. Mergullarase no bosque escuro do seu pasado e buscará ao pai que coñeceu pouco e mal, coa esperanza de solucionar aquilo que segue roto, pero xa será demasiado tarde. A decisión pasará por ela. Quen quere ser? De quen depende a súa vida?

Reperto:

Isabel Rhodes, Elena González, Julia Rubio

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Vanessa Espín

Colaboración na plástica escénica: Elisa Sanz

Vestuario: Malena Láinez

Asesoría iluminación: Pedro Yagüe (AAI)

Composición musical e espazo sonoro: Antonio de Cos

Movemento: Amaya Galeote

Videoescena: Alba Trapero

Dirección de produción: Elena Martínez

Axudante de dirección: Aurora Parrilla

Duración estimada:

90 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa A

PROGRAMACIÓN ESPECIAL
DÍA INTERNACIONAL DA
MULLER 2026

ARTUR UI, O OVO DA SERPE



Venres 13 e sábado 14 de marzo

Talía Teatro

ARTUR UI, O OVO DA SERPE

VENRES 13
ESTREA ABSOLUTA

De Bertolt Brecht, adaptación de Quico Cadaval e Diego Rey

ARTUR UI o ovo da Serpe é unha aposta por contar o momento actual a través da lente crítica e irónica do teatro épico.

Máis aló de ser unha homenaxe a un clásico do século XX, esta produción explora con profundidade crítica os mecanismos de poder, a natureza do autoritarismo e as súas manifestacións ao longo da historia, establecendo un paralelismo claro co momento actual no que o fascismo asoma novamente o fuciño fóra do ovo.

Reparto:

Xurxo Barcala, Toño Casais, Marta Lado , María Ordóñez
Diego Rey, Marta Ríos, Artur Trillo e Dani Trillo

Equipo artístico/técnico:


Escenografía: Dani Trillo
Vestuario e maquillaxe: Martina Cambeiro
Iluminación: Dani Trillo
Creación audiovisual: Marcos Ptt
Música orixinal: Manu Abralles
Producción: Auri Ferreiro e Artur Trillo
Dirección: Quico Cadaval

Duración estimada:

90 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa B



ICTUS (A DERRADEIRA LEICIÓN DE ANATOMÍA DO DR. CASTELAO)

Venres 20 e sábado 21 de marzo

Unha coprodución de Chévere co Centro Dramático Nacional, co apoio de Agadic-Xunta de Galicia, a colaboración do Concello de Ames e o Concello de Santiago de Compostela.

ICTUS (A DERRADEIRA LEICIÓN DE ANATOMÍA DO DR. CASTELAO)

De Chévere

Un personaxe entra en escena e conta que sufriu un ictus que lle impide completar os seus recordos. Sabe que tivo o ictus ao saír da Cidade da Cultura, despois dun acto que o goberno organizou para recibir o cadro de Castelao titulado *A derradeira leición do mestre*.

Pero non lembra por que estaba alí ou por que lle interesaba ese cadro.

Non pode lembrar nada anterior a que lle dera o ictus.

Por iso necesita reconstruír todo o que esqueceu.

Necesita recordar os detalles e completar os recordos que lle compren para non quedar illada e para non esquecer quen é.

Vai empezar por reconstruír o momento inmediatamente anterior ao ictus, cando se supón que estaba nese acto na Cidade da Cultura.

Para iso elabora un test de memoria que envía a outras persoas que estiveron no acto.

Quere saber por que estaba alí.

Quere sabelo todo sobre aquel cadro.

É o seu xeito de non esquecer o que importa.

Reperto:

Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Borja Fernández, Gema Santos, Marcos Pereira

Equipo artístico/técnico:

Dramaturxia/Dirección: Xron
Técnica: Fidel Vázquez
Produción: Carme Giráldez
Comunicación: Xana García
Gráfica: Tristán Ron
Vestuario: Uxía P. Vaello
Fotografía: Sabela Eiriz
Vídeos: Miramemira

Esta obra conta con intérpretes de lingua de signos (LSE) en escena e audiodescripción en directo

Duración estimada:

100 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa B

FUNCIÓNS ACCESIBLES

Lingua de signos 

Audiodescripción 

Visita táctil (touch - tour) 

Bucle magnético individual 

Son amplificado con auriculares 

Programa de man en Braille (unidades limitadas) e de lectura fácil

Cartelería que incorpora logotipos LSE e AD



ESENCIA

Venres 27 e sábado 28 de marzo

Coprodución do Teatro Español e Entrecajas Producciones Teatrales

ESENCIA

De Ignacio García May

Pierre e Cecil, dous vellos amigos, reencóntranse despois de moitos anos. A súa conversación, mesturada con recordos e reflexións, está atravesada pola espera dun misterioso autor que nunca vai chegar. Ou quizais estivo presente desde o principio? *Esencia* é unha das obras máis enigmáticas de Ignacio García May, un labirinto de percepcións onde a realidade cambaléase e tórnase difusa. Unha invitación á reflexión e ao cuestionamento das nosas propias certezas, unha exploración sobre a realidade que nos rodea. *Esencia* é a inexistencia mesma do real.

Reparto:

Juan Echanove e Joaquín Climent

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Eduardo Vasco

Escenografía: Carolina González

Vestuario: Carolina González

Iluminación: Miguel Ángel Camacho

Duración estimada:

80 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa ESENCIA

PROGRAMACIÓN ESPECIAL
DÍA MUNDIAL DO TEATRO



MIHURA, EL ÚLTIMO CO- MEDIÓGRAFO

Venres 24 e sábado 25 de abril

Coprodución de Nave 10 Matadero e Entrecajas Producciones Teatrales

MIHURA, EL ÚLTIMO COMEDIÓGRAFO

De Adrián Perea

Quen non coñece a Miguel Mihura? Quen non sabe que foi un dos humoristas máis importantes do Século XX? Quen esqueceu que a súa primeira obra, *Tres sombreros de copa*, foi unha das precursoras do humor absurdo? Quen descoñece que esta historia, en realidade, se trate dunha autoficción?

E é que a vida de Miguel estivo chea de desencantos, esperas, desamores, fracasos e algún que outro éxito que apareceu case ao final dos seus días. Un éxito, o de *Tres sombreros de copa*, que chegou cando logrou estreala vinte anos despois de escribila. Unha historia, a da súa vida, que dunha forma ou outra sempre estivo ligada ao seu primeiro texto. Ese que viviu, despois escribiu, tratou de vender, desestimou, desprezou, estreou de mala gana e por último encumbrouno a formar parte a historia da literatura dramática.

Reperto:

David Castillo, Paloma Córdoba, Esperanza Elípe, Esther Isla, Rulo Pardo, Kevin de la Rosa, Álvaro Siankope

Equipo artístico/técnico:

Escenografía: Pablo Menor Palomo
Iluminación: Pedro Yagüe
Espazo sonoro: Luis Miguel Cobo
Vestuario: Vanesa Actif
Deseño de videoescena: Elvira Ruiz Zurita

Asesoría de movemento: Cecilia Galán
Axudante de dirección: Manuel Minaya
Asistente artístico: Nave 10: Víctor Barahona
Equipo produción Entrecajas: Chusa Martín, Susana Rubio e Valle del Saz


Duración estimada:

90 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa E

FILTRO



Sábado 09 de maio

Coprodución internacional entre La Sala Verdi (Uruguai) e La Dramática Errante coa colaboración de Donostia Kultura

FILTRO

De María Goiricelaya

Noite do 24 do agosto de 1994 en Montevideo (Uruguai)

Nas inmediacións do Hospital Filtro, xunto á entón sede da presidencia do país, dirixentes da partida Fronte Ampla e da central unitaria de traballadores PIT-CNT, convocan unha manifestación en contra da extradición de tres integrantes da banda terrorista armada ETA, cuxo traslado foi autorizado pola Suprema Corte de Xustiza de Uruguai.

A estación de radio de CX 44 Radio Panamericana chama a asistir á zona e miles de persoas achéganse para pedir asilo político para os tres vascos. Berros na rúa.

As forzas de seguridade dispóñense a trasladar aos tres etarras ao Aeroporto Internacional de Carrasco para levalos de volta a España, pero os berros crecen.

Agustín Lasa, un enfermeiro que tenta socorrer a unha das vítimas, recibe catro disparos por detrás.

Carlos Alberto Pont, un mozo de 18 anos, é ingresado con perda de masa encefálica por ferida de bala.

Álvaro Masoni, de 24 anos, morre ao ser alcanzado por 12 disparos. E 12 son tamén as puñaladas que acaban coa vida do fotógrafo Alberto Pascal.

Ás 23:45 horas, o Boeing 707 da Forza Aérea de España despega con destino a Madrid.

Segundo as cifras oficiais houbo un falecido, máis de 100 civís feridos graves (15 deles de bala) e incontables feridos leves, entre eles 44 policía.

O ‘suceso de Filtro’ está considerado como o incidente de violencia nas rúas e represión social máis grave xamais rexistrado desde a volta da democracia uruguaia en 1985.

Reperto:

Marcos Valls, Luis Pazos, Agustín Urrutia e Camila Parard

Equipo artístico/técnico:

Dramaturxia e dirección: María Goiricelaya

Axudante de dirección: Ane Pikaza

Deseño iluminación e escenografía: Claudia Sánchez

Vestuario: Malena Paz

Música e visuais: Ibon Belandia

Espazo sonoro: Ibon Aguirre

Produción La Dramática Errante e Sala Verdi

Distribución: Portal 71

Duración estimada:

90 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa A



MOFA E BEFA: OS DOUS DE SEMPRE

Venres 15 e sábado 16 de maio

Producións Teatráis Excéntricas

MOFA E BEFA: OS DOUS DE SEMPRE

De Varela & Cadaval (inspirada na obra de Castelao)

Pedriño e Rañolas son contraditorios, extremos, antagónicos, polarizados...mais amigos. Un é o arriscado soñador (unha forma do idealismo) e o outro é un pancista pusilánime (unha forma do materialismo). Esta oposición entre corpo e alma, entre estómago e corazón aparece en outras parellas famosas, como Quixote e Sancho Panza, en Jacques o Fatalista e o seu patrón ou Don Celidonio e o Doutor Alveiros, de Risco. Pedriño e Rañolas entran neste selecto clube, unidos a unha mancha de pallasos anónimos, artistas populares que correran as festas e romarias e que Castelao admirou con compasivo humor.

Os pallasos son criaturas feitas de mesturar un tolo e un neno. Para facer un bufón fai falta, ademais, un animal, o animal que todos levamos dentro. Nenos, Tolos e Animais compoñen o rico universo humorístico de Castelao, o seu retábulo da risa absoluta, da comedia humana do pobo galego. Mofa e Befá vai meter todo este universo humorístico nas figuras de Pedriño e Rañolas. *Os Dous de Sempre* son como irmáns siameses, un corpo que se escinde polo bisturí do doutor Castelao, e que andan os dous polo mundo, incompletos, tentando reencontrarse e conformar de novo un corpo único, harmónico, no que unha parte rouba mazás, e outra, cómeas.

Reparto:

Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Josito Porto

Equipo artístico/técnico:

Espazo escénico e lumínico: Baltasar Patiño

Indumentaria: Carlos Alonso

Dirección musical: Bernardo Martínez

Dirección de movemento: Marcos Orsi

Xefe técnico: Octavio Mas

Construción de escenografía: Kukas & Pepe Quintela

Fotografía & Vídeo: Sonia García

Asistente de produción: Mon Serodio

Produción: Rubén G. Pedrero

Dirección: Quico Cadaval

Dramaturxia: Varela & Cadaval

Duración estimada:

100 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa B



SABES QUE LAS FLORES DE PLÁSTI- CO NUNCA HAN VIVIDO, ¿VERDAD?

Venres 22 e sábado 23 de maio

Coprodución do Centro Dramático Nacional e Tanttaka Teatroa

SABES QUE LAS FLORES DE PLÁSTICO NUNCA HAN VIVIDO, ¿VERDAD?

De Mireia Gabilondo

JOSÉ MANUEL: 37 anos. Psicoterapeuta de éxito con parálise cerebral.

LUCÍA: 35 anos. Sofre unha depresión por parálise emocional.

YOLDI: 35 anos. Coidadora de plantas con parálise intelectual.

MARTINA: 60 anos. Psiquiatra con parálise metafísica.

Hai TRES ACTORES (aínda que CATRO PERSONAXES) porque LUCÍA sofre de trastorno de identidade dissociativo, máis coñecido como personalidade múltiple; polo que tamén temos que falar de YOLDI, o outro “eu” de LUCÍA, que, polo trauma que ten LUCÍA, creou unha muller con discapacidades intelectuais.

Hai outros dous personaxes, aínda que sexan Intelixencias Artificiais: ALEXA E ENMANUEL.

Tres persoas, ou catro, mellor dito: LUCÍA ten unha depresión de cabalo que fai que viva unha experiencia vicaria a través de YOLDI, unha marabillosa moza con discapacidade intelectual. YOLDI coidará as plantas de JOSÉ MANUEL, prestixioso psicoterapeuta que, por unha parálise cerebral, vese abocado a unha dependencia total. Só fala co seu psiquiatra dunha relación moi íntima que mantén con ALEXA, unha intelixencia artificial.

MARTINA, psiquiatra, un pouquiño misántropa, que non pode máis. Non pode coa vida. Non é capaz de axudar á súa filla Lucía. Vai tirar a toalla? Se cadra, si.

Reparto:

Aitziber Garmendia/Candela Solé (Lucía/Yoldi),
Telmo Irueta (José Manuel) e Mireia Gabilondo (Marina)

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Mireia Gabilondo
Escenografía: Fernando Bernués
Iluminación e vídeo: David Bernués
Vestuario: Ana Turrillas
Técnica: Acrónica Producciones
Axudante de dirección: Laia Bernués

Producción executiva: Ane Antoñanzas

Producción: Paola Egibar

Duración estimada:

90 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa A



LOS DOS HIDALGOS DE VERONA



Venres 05 e sábado 06 de xuño

Coprodución da Compañía Nacional de Teatro Clásico (CNTC), Cheek by Jowl e LAZONA

LOS DOS HIDALGOS DE VERONA

De William Shakespeare, con adaptación de Declan Donnellan e Nick Ormerod

Se Shakespeare é un dos construtores da alma humana moderna, como afirma Harold Bloom, en *Los dos Hidalgos de Verona* empezará a desenvolver moitos dos elementos que van definir esa concepción do ser humano. Los dos hidalgos é unha das primeiras comedias nas que afina as tensións entre amizade e amor, tensións que ocupaban un espazo, non menor, na literatura de fins do Renacemento. A amizade entendida como unha forma de amor sen sexo estaba a ser tratada desde moitas perspectivas e enaltecida como unha forma de alto compromiso sentimental oposta ás relacións amorosas. Escrita pouco tempo antes que *Romeo e Xulieta*, comparte con esta numerosos puntos de vista e de tensión dramática. Atopamos tamén nela una das creacións máis emblemáticas do personaxe do criado cómico, que vai xerar un modelo que alimentará posteriormente tanto o teatro do Bardo como o dos seus seguidores.

Reparto:

Jorge Basanta, Prince Ezeanyim, Alberto Gómez Taboada, Rebeca Matellán, Manuel Moya, Alfredo Noval, Carmen Mayordomo, Antonio Prieto e Irene Serrano

Duración estimada:

120 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa VERONA

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Declan Donnellan

Diseño de escenografía e vestuario: Nick Ormerod

Tradución: Josete Corral

Diseño de iluminación: Ganecha Gil

Diseño de vídeo: Celeste Carrasco

Música orixinal: Marc Álvarez

Diseño de son: Sandra Vicente e Kevin Dornan

Movemento e coreografía: Amaya Galeote

Producción executiva: Elisa Fernández

Asesor de dramaturxia e axudante de dirección: Josete Corral

Director técnico: Oscar Sainz e Juan Luís Moreno

Rexidor: Alex Stanciu

Distribución: Julio Municio

Dirección de produción: Miguel Cuervo

VENRES 05
FUNCIÓN ACCESIBLE

Subtitulación adaptada 

Audiodescripción 

Bucle magnético individual 

Son amplificado con auriculares 

HORARIOS

Todas as funcións se representarán ás 20.30 h

Puntualidade: unha vez que comece o espectáculo non se permitirá acceder á sala.

ENTRADAS

· Tarifa ESENCIA/VERONA: 25'00, 20'00, 15'00, 10'00 €

· Tarifa ESPECIAL: 21,50 €; 15,00 €; 13,00 €; 9,50 €

· Tarifa A: 18,00 €; 14,00 €; 11,00 €; 8,50 €

· Tarifa B: 14,00 €; 10,00 €; 8,00 €; 6,50 €

· Tarifa ÚNICA: 12:00 €

· Tarifa visibilidade reducida -butacas comprendidas entre a 37 e a 57 e a 36 e 56 en TERTULIA-: 5,00 €.

· Tarifa mobilidade reducida: establécese o prezo menor da tarifa correspondente ao espectáculo ou o 70% da tarifa cando esta é única.

DESCONTOS

Carné xove, maiores 65 anos, desempregados: -20%

Familias numerosas: - 25%

Grupos + 20 persoas, en compra anticipada -50%

Os descontos de ABONOS, de carné xove, de + 65 anos, desempregados, familias numerosas e grupos de + 20 persoas en compra anticipada, non son acumulables entre sí.

VENTA DE BILLETES

· Despacho de billetes da praza de Ourense: de luns a venres, agás festivos, de 11.00 a 15:00 h e de 16:30 a 19:30 h

· Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro: aberto só os días de función, de 16:00 ao inicio da función

· En liña: Ataquilla.com. Servizo permanente 24 h.

PAGOS

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e en liña con tarxeta de débito ou crédito.

MÁIS INFORMACIÓN

www.coruna.es/cultura e nas redes sociais do Teatro Rosalía Castro.

🔊 PARA OÍR MELLOR

O TRC dispón dun sistema de auriculares a través dos que se pode recibir sinal amplificado do son. Tamén se ofrece o servizo de bucle magnético que permite facer chegar o sinal de audio correctamente ao audífono ou implante eliminando ruído de fondo.

Por razóns de hixiene, recomendamos traer os propios auriculares da casa.

Para máis información, preguntar ao persoal de sala.



